

CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

**Asunto:** información sobre o custe de persoal

**Proxecto de Orzamentos:** 2025.

**Dirixido a:** Sra Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.

**Data de sinatura da Resolución de inicio do expediente:** 25/06/2024

### CUSTES DO PERSOAL ORZAMENTO ANO 2025

Estando no proceso de formación do Orzamento para o ano 2025, un dos capítulos importantes do estado de gastos o conforma os gastos de persoal. Así mesmo, tendo en conta o Plan de Estabilización de Emprego aprobado e a súa implementación na plantilla e na avaliación dos custes deste capítulo, con independencia dos prazos legais de execución desta Oferta, po lo que, para a súa formación dítanse as seguintes instrucións-recomendacións:

#### UN.- Previsión de variación das retribucións

En relación coa información que se ten que remitir para a formación do Proxecto de Orzamentos para o ano 2025, non hai acordo nin norma que regule a esta data a actualización salarial para o ano 2025.

Tendo en conta a actualización do ano 2024, 2% dende o 1 de xaneiro máis outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período, para o ano 2025, estarase ao seguinte:


A variación prevista do IPC para o ano 2025, a esta data está cuantificada no 2,3% a do ano 2024, no 3,4%.

En ningún período, agás de que se teña que recuperar poder adquisitivo, a actualización retributiva dos salarios dos empregados públicos, non foi superior á variación do IPC.

É previsible segundo o acordo do Consello de Ministros do día 25 de xullo de 2024, que as retribucións do ano 2024, ademais do 2% con efectos do 1 de xaneiro, teña outra revisión do 0,5% no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período, con efectos do 1 de xaneiro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/07/2024 12:08	Páxina 1 de 7
90-142	CSV: A5A656-BE22BC-4FB233-KN17VT-ATG34Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

En consecuencia, a variación retributiva para o ano 2025, estímase no 2% sobre a do ano 2024.

Para o ano 2025, Salario revisado<sub>2024</sub> co  $2,5\% * 1,02 =$  dotación ano 2025.

Outra forma de cálculo máis sinxela, é traballar sobre a base do ano 2023, tamén hai que ter en conta a Resolución de 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 6 de febreiro de 2024, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público en aplicación do previsto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

En resume o cálculo para o ano 2025 será do 2,5% en relación co ano 2023 e sobre esta base, o 2%, tendo en conta ademais a Resolución de 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

**Ano 2025= Retribucións 2023\*1.005**<sub>2023</sub> (Resolución de 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos) **\*1,025**<sub>2024</sub> (2% nómina de xullo + 0,5% ao remate do ano) **\*1,02**<sub>2025</sub>.

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2025, contemplase unha actualización distinta, as retribucións variarán en función do que estableza a Lei, en máis ou en menos. Se a variación fose maior, esta se aplicará con cargo ás dotacións das prazas vacantes e o gasto efectivo imputaríase á bolsa de vinculación xurídica dos créditos, que como é coñecido, as Bases de Execución do Orzamento establecen a Área e o Capítulo para os gastos de persoal, coas excepcións que se regulan nas devanditas Bases para as aplicación de produtividade, gratificacións, contratos temporais e custe da seguridade social de este tipo de contratos.

Se a variación contida na norma que regule as retribucións dos empregados públicos para o ano 2025, fose menor que o 2%, imputarase a porcentaxe que estableza a norma.


En canto ao gasto d cotización da Seguridade Social a cargo do empregador, se terá en conta a variación que produce nas bases de cotización a actualización salarial.

Esta actualización só será aplicable aos seguintes conceptos: 100, 110, 120, 121, 130, 143.

A aplicación orzamentaria 9200.1400000, terá un crédito en todo momento que de cobertura a totalidade dos contratos vixentes, polo que a súa orzamentación inicial será adecuada aos contratos vixentes a 1 de xaneiro do ano 2025. A súa vez, esta aplicación manterá como máximo a dotación inicial contida no Orzamento inicial do ano 2024, que será reducida si están cubertas as prazas do Plan de Estabilización.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/07/2024 12:08	Páxina 2 de 7
90-142	CSV: A5A656-BE22BC-4FB233-KN17VT-ATG34Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

### DOUS.- Custe da Seguridade Social das prazas vacantes

No cálculo do custe da Seguridade Social para as prazas vacantes, non se deberá incluír o custe aplicable ao desemprego, quedando xustificado polo importante número de vacantes que de non executarse a última OPE, non devengarán custe no transcurso do ano.

A revisión das bases de cotización da Seguridade Social a cargo do empregador será do 2%.

En relación á tramitación do custe mensual da Seguridade Social a Cargo do empregado, ao quedar sen efecto a Orde ISM/888/2020, de 20 de setembro, de modalidade de pagos a conta, a partires do 1 de xaneiro do ano 2022, é de aplicación o sistema de pago previsto no artigo 56.1 do Regulamento Xeral de Recadación da Seguridade Social, en consecuencia, as liquidacións ingresaranse dentro do mes seguinte ao que corresponda o devengo.

### TRES.- Prazo de remisión

Aos efectos de non incorrer nos **atrasos anuais** na remisión da información deste capítulo, así como na necesidade de ter sometido o proxecto de Orzamentos á consideración do Pleno da Corporación antes do 15 de outubro, data que fixa o artigo 168 do TRLRFL, o prazo **máximo** para a incorporación da información fíxase para o **16 de SETEMBRO** de 2024.

É razoable que a Mesa de negociación se conforme con anterioridade, e non se repitan as situacións de anos precedentes, cun orzamento pechado en termos cuantitativos non é posible a súa modificación.

As variacións que se produzan na plantilla e sometidas a Mesa de Negociación de creación ou amortización de prazas, xeran os axustes, si procede, na RPT, de tal xeito que haxa coherencia entre prazas e postos.


Sería necesario, que a no acordo quedase reflectido os postos afectados e as prazas asociadas ao posto, no caso en que ao posto estean asociadas varias prazas, non produce efectos, xa que o posto se mantén inalterable na RPT, o problema xurde, cando a amortización da praza está asociada a un posto que só ten unha praza asociada, nese caso, hai que deixar constancia que ese posto vai a desaparecer da RPT.

### CUARTO.- Información requirida

A documentación que se remita, deberá ter reflectidos os cambios que se produciron até a data.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/07/2024 12:08	Páxina 3 de 7
90-142	CSV: A5A656-BE22BC-4FB233-KN17VT-ATG34Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

Con posterioridade á mesma, aos efectos de manter a coherencia técnica e orzamentaria entre os acordos e o proxecto orzamentario, **deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto.** O Proxecto de Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2025, en consecuencia, os cambios de postos dun programa orzamentario a outro unha vez que se formen os datos e custes para o Orzamento 2025, deberán diferirse ao ano seguinte. Si o acordo se adopta no ano 2024, a súa eficacia deberá quedar diferida, polo que os acordos que se propoñan deberán conter esta condición de forma explícita.

#### QUINTO.- Contratacións temporais, laborais ou funcionarios interinos

En relación con este tipo de contratos, hai que estar á reclamación que a Comisión Europea fai a España sobre a temporalidade no sector público, que se traduciu na Lei 20/2021, na que se ten que estar por debaixo do 8%.

Tamén, tendo en conta o espírito da Lei, hai que eliminar a prestación de necesidades estruturais con contratos por acumulación de tarefas, neste caso o que se mide é a prestación non o suxeito.

Tamén hai que estar a cuestión prexudicial presentada polo TSJ de Galicia en relación coas situacións de laborais indefinidas non fixas.


En todo caso, tendo en conta a necesidade de limitar este tipo de contratos, deberase priorizar a contratación de funcionarios interinos con cargo a praza vacante para aquelas tarefas que requiren dun período de aprendizaxe longo, sempre e cando a devandita praza estea incluída nunha Oferta de Emprego Público aprobada, e as necesidades a cubrir non sexan consecuencia dunha carga puntual, senón que teñan causa nunha necesidade ordinaria-estrutural das competencias locais, de aí, que o posto correspondente á devandita praza haxa que mantelo cuberto até a execución da OPE na que estea incluída.

Tamén é necesario ter en conta que o límite para manter a interinidade é de TRES anos, polo tanto, aos efectos de non consolidar a situación, os interinos deberán formar parte da OEP aprobada sempre.

En relación co resto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, hai que limitalas aos supostos imprescindibles para dar cobertura ás quendas por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos de persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, non aplicable aos supostos de necesidades ordinarias e estables.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/07/2024 12:08	Páxina 4 de 7
90-142	CSV: A5A656-BE22BC-4FB233-KN17VT-ATG34Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

Para garantir que este tipo de contratos da resposta inmediata á necesidade, é aconsellable ter listas de reserva vivas atendendo aos distintos subgrupos.

Deberá establecerse como obxectivo de curto/medio prazo, a execución das OPE aprobadas, así como a aprobación da OEP anual, dentro do PRIMEIRO trimestre do ano, o que evitará recorrer a interinaxes e contratos temporais.

### **SEXTO.- Dotacións iniciais para produtividade e gratificacións**

Manterase o criterio de anos precedentes, as dotacións conforman unha previsión, aínda que susceptible de modificar. As contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinan ningún tipo de dereito individual respecto a períodos sucesivos. As gratificacións, non poden ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

Tendo en conta que a contía do gasto devengado polo concepto de produtividade, ten a causa máis importante nas xornadas de reforzo, que a súa vez teñen orixe no atraso nas execucións das OPE, debería estarse en todo momento atendendo ao seguinte criterio:

O número de xornadas de reforzo, agás situacións excepcionais, no deberá ser maior que o gap que xorde entre as prazas ocupadas e o número total de prazas que contén a plantilla dos corpos da Policía Local e o SPEIS.

O gasto devengado en gratificacións da Policía Local e o SPEIS, só terá causa nos excesos de xornada que estea establecida, nunca inferior cas 1642 horas ano, que estarán tipificadas para os eventos e as demais causas de prestación do servizo por encima da xornada ordinaria.

En canto á dispoñibilidade ou xornadas de reforzo en guardias, estarán limitadas as prazas vacantes (diferencia entre plantilla nominal e efectiva)

O órgano competente so adoptará acordos de autorización de gasto si concorre a situación de existencia de crédito, en caso contrario, require con carácter previo, a tramitación da preceptiva modificación orzamentaria. Tendo en conta as dotacións iniciais de menor contía que o gasto efectivo final, supón a instrumentación dunha disciplina orzamentaria, xa que en principio, so se pode gastar co límite da dotación.


A execución final non condiciona a dotación inicial, no é un gasto consolidado.

As dotacións serán nas seguintes aplicacións: 1320.1500000, 1360.1500000, 9200.1500000, 1320.1510000, 1360.1510000 e 9200.1510000.

A maior dotación orzamentaria nestas aplicacións correspondentes aos programas 1320 e 1360,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/07/2024 12:08	Páxina 5 de 7
90-142	CSV: A5A656-BE22BC-4FB233-KN17VT-ATG34Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

farase con cargo ás dispoñibilidades do capítulo I dos devanditos programas. En canto as partidas do programa 9200, ao afectar ao resto dos programas, a suplementación de créditos farase con cargo ás dispoñibilidades do resto dos programas orzamentarios.

### SEPTIMO.- Taxa de Reposición de efectivos

A Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 establece unha taxa de reposición de efectivos do 120 por cen en todos os sectores para as EELL que non teñan débeda a dun 125% para a Policía Local.

Tendo en conta a evolución de custes do capítulo I, o razoable está en dar cobertura a totalidade da TRE, caso contrario, supón a creación de novas prazas o comporta un gasto adicional.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos computaranse os cesamentos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

### OITAVO.- Gastos do seguro colectivo de vida e accidentes

En relación coa contía a dotar na aplicación 2210.1620500 Seguro colectivo de vida e accidentes do persoal, o Concello adheriuse ao acordo Marco de seguros da FEMP, que a esta data é de 182.778,16 euros, sendo esta a dotación que deberá figurar na devandita aplicación orzamenetaria para o ano 2025.

### NOVENO.- Aplicacións que non se incluírán no cálculo para o ano 2025


As que reflicten as dotacións para afrontar o custe do persoal cunha relación laboral indefinida, xa que a dotación xa está destinada a dotar as prazas en execución do Plan de Estabilización de Emprego: 9200.1430001 e 9200.1600001.

### DÉCIMO.- Resume

Estimación das variacións das retribucións nun 2%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/07/2024 12:08	Páxina 6 de 7
90-142	CSV: A5A656-BE22BC-4FB233-KN17VT-ATG34Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 90/142

Año 2025= Retribucións 2023\*1.005<sub>2023</sub> (Resolución de 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos) \*1,025<sub>2024</sub> (2%nómina de xullo + 0,5% ao remate do ano) \*1,02<sub>2025</sub>.

Implementación na plantilla do ano 2025 a totalidade do Plan estabilización de emprego aprobado.

Dotación inicial das contías a produtividade e gratificación, nos termos cuantitativos do ano 2024 e nas aplicacións que se reflicten nesta instrución.

Como criterio xeral, o número de xornadas de reforzo anual deberá quedar limitado á contía máxima equivalente ao número de xornadas que representan as prazas vacantes.

A TRE manterá o mesmo criterio que o previsto pola LOXE para o ano 2023 (ano 2024, prorrogado o OXE do ano 2023).

O Seguro colectivo de vida e accidentes, será pola contía do contrato que ten causa no acordo Marco.

A dotación para contratos sen praza, aplicación 9200.1400000, non poderá ter unha dotación superior a prevista inicialmente para o ano 2024.

Prazo de remisión da información até o 15 de setembro do ano 2024.

Unha vez que se teña formado a estrutura de custes do capítulo 1 de acordo aos programas orzamentarios, os acordos que se adopten de mobilidade de recursos entre programas, quedarán diferidos ao ano seguinte, de non ser así, estase a xerar unha incoherencia entre o orzamento en trámite e aprobado e a asignación dos RR.HH.

O Acordo da Mesa de Negociación deberá efectuarse con carácter previo ao peche do informe cuantitativo.

No Acordo da Mesa, se se producisen amortización de prazas, deberá indicarse a que posto/s afectan, aos efectos de manter unha coherencia entre posto e praza.

Asinado: O Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentación: Luis García Alvarez

Conforme: O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/07/2024 12:08	Páxina 7 de 7
90-142	CSV: A5A656-BE22BC-4FB233-KN17VT-ATG34Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		